

ACTA

Nº 36 Ano 2013.

En Santiago de Compostela, previa convocatoria, reúnese o Comité de Seguridade e Saúde Intercentros na sala de xuntas D, no Edificio Administrativo de San Caetano sendo as 11,30 horas do día 8 de abril de 2013, tratándose os diferentes puntos da Orde do Día.

ASISTENTES:

REPRESENTANTES DA EMPRESA:

<i>Nome</i>	<i>Posto</i>	<i>Teléfono</i>
Santiago González Sérrano	S.X. Presidencia	4.42.85
Ignacio Garrote Freire	D.X.Traballo e Economía S.	4.47.71
Victor Gallego Vincent	D.X. Función Pública	4.52.35
Laura Suarez Fernandez	D.X. Avaliación e Reforma	4.54.67

REPRESENTANTES DOS TRABALLADORES

<i>Nome</i>	<i>Organización Sindical</i>	<i>Teléfono</i>
Eduardo Freire Pousa	CC.OO.	660-040-056
Jose Carlos Rocha Arrue	UGT	629-851-751
Pablo Rama Remuiñán	CSI-F	881-542-850
Mª Xose Crespo Hermida	CIG	607-005-385

Asisten asímesmo Pablo Diaz Vazquez, Mª Carmen Fernández Couso e Lucia Garcia Velasco, polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais e Jose Acuña Vilas, por Mugatra. Está presente en calidade de invitado, o novo Subdirector Xeral de Servizos Técnicos, Emilio de la Iglesia.

1- Lectura e aprobación da última acta:

Acordase aprobar a acta, facendo un par de modificacións, incorporar un parágrafo proposto pola CSIF no punto 2 apartado d) que quedaría así: “CSIF propón que en canto ao procemento de solicitude da vixiancia da saúde, que se realiza tendo en conta o centro médico ofertado máis próximo ó centro de traballo, onde a persoa preste os seus servizos. Amplíese tamén de forma excepcional a aqueles outros centros, conforme ó destino ou estancia profesional do traballador ou traballadora, por causas debidamente xustificadas e acreditadas”. Ademais acordase suprimir a mención feita os

compoñentes deste Comité, que non asisten a xuntanza. Cuestión que non figurará nas actas, a partir de agora.

2.- Presentación e debate da memoria programa das actividades preventivas de riscos laborais realizadas no 2.012,

Tras unha breve presentación da memoria pola Admón., pasa a facerse un repaso dos diferentes apartados dos que consta a mesma:

a) Organización Preventiva. CCOO chama a atención sobre a redución da partida económica destinada a prevención, dita diminución aplicase sobor de todo na colaboración da xestión da seguridade no traballo. A Admón. manifesta que agora as avaliacións son moitas menos, polo que pódese realizar dita redución, sen perxudicar a actividade preventiva dos riscos laborais.

b) Xestión da Prevención. CCOO menciona que hai un ano a Admón. comprometeuse a subir a páxina webbriscos, as actas deste comité, e incluso as dos comités que deste dependen. Ata agora non se fixo. A Admón. manifesta que vai realizar o mais pronto posible a suba das actas do Comité Intercentros, do ano 2.012 en adiante. Para os dos restantes comités precisa máis tempo.

c) Accidentalidade. A Admón. informa de que o pasado ano houbo un aumento da sinistralidade, inda que considera que foi pequeno, nos accidentes leves e motivado polos sobreesforzos, habidos na Consellería de Traballo e Benestar. UGT manifesta que hai que mellorar a investigación dos accidentes, para poder ter unha síntese de onde e porque prodúcense. CSIF considera que debería facerse un análise centro a centro de dita Consellería, para poder poñer en marcha medidas, que diminúan este tipo de accidentes. CIG menciona entre outras, a falla de formación e información existente nesa Consellería, coma unha das causas do incremento da sinistralidade, e pon coma exemplo a Consellería do Medio Rural e do Mar, onde a posta en marcha dunha variada oferta formativa e informativa, está diminuindo o número de accidentes de traballo. CCOO chama a atención de que tras mais de dez anos de redución no número de accidentes, no 2.012 houbo unha suba. Debeselle dar a importancia que merece, se non quere que neste ano volvan a incrementarse, o que supora que un número importante de persoas, estén 25 días de promedio, curándose das feridas. O número de accidentes rexistrado, debería ser menor, xa que considera que os sobreesforzos esconden, nunha gran parte enfermidades profesionais que non están recoñecidas e polo tanto non se rexistran coma tais. É descorazonador que a Consellería con máis sinistralidade, teña desde hai caseque ano e medio sen convocar o seu Comité de Seguridade e Saúde Laboral. Por último pregunta sobre o porque de que na Sección do Servizo de Prevención en Lugo, durante o ano pasado, non se investigou ningún accidente. A Admón. informa de que gran parte do período so houbo unha persoa no mesmo, que considerou que dita actividade de investigación non era necesaria.

e) Avaliación de Riscos. Non houbo comentarios.

d) Vixiancia da saúde. UGT manifesta que sigue a haber un grave problema, pola imposibilidade de adscripcións para o persoal laboral, e que serían moitas mais de non ser porque hai responsables de centros de traballo, quenes ante os certificados que avalan a inaptitude ó posto dalgún traballador ou traballadora, optan por descargalo das funcións que puideran causarlle danos o seu estado de saúde. Evidentemente esta actuación, ten coma aspecto negativo, que eses traballos pasan a ser desenvolto polo resto do persoal, e que en moitas ocasións, esta sobrecarga dana a saúde destes outro persoal. CCOO expón a súa sorpresa pola diminución de mais da metade, con respecto o pasado ano, na utilización nos recoñecementos médicos practicados, dos protocolos

sobre manipulación de cargas e posturas forzadas, cando precisamente o incremento da sinistralidade ven motivado polo gran número de sobreesforzos habidos, cuxa relación con ditos protocolos é evidente.

f) Formación. A Admón. solicita da parte sindical que achegue propostas sobrecursos, xornadas... a realizar en materia de prevención de riscos laborais.

g) Participación dos traballadores. Constatouse unha lixeira mellora no número xuntanzas convocadas, pero inda lonxe do primeiro obxectivo previsto, que é que polo menos o promedio de reunións sexa dun par de veces ó ano, a metade das legalmente previstas.

h) Medidas de emerxencia. Non houbo comentarios.

3.- Revisión do Regulamento deste Comité de Seguridade e Saúde Laboral. -

Acordase facer seguidamente a revisión, debate e aprobación dos diferentes artigos dos que consta dito Regulamento. Aprobándose facer no mesma as modificacións que a continuación detallanse:

4.1 Creación do Comité de Seguridade e Saúde Intercentros

Mediante acordo debatido na Mesa Xeral de Negociación e aprobado na Comisión Superior de Persoal da Xunta de Galicia, estableceuse o marco de participación do persoal en materia de prevención de riscos laborais, que seguidamente publícase no Diario Oficial de Galicia. As modificacións deste acordo teñen o mesmo trámite, que se consigna anteriormente.

Debido a existencia dun número importante de Comités de Seguridade e Saúde Laboral, na práctica faise difícil poder levar a cabo o desenvolvemento e implantación dos programas de acción preventiva que define a Xunta de Galicia ó traves do SPRL, toda vez que calquera acción neste campo deberá ser consultada nos ditos Comités. Por este motivo créase o Comité de Seguridade e Saúde Intercentros, coma máximo órgano de participación paritaria, con funcións de consulta e información sobre os temas de carácter xeral, en materia de acción preventiva, levada a cabo polo SPRL da Xunta de Galicia.

4.2 Estructura e Composición

O Comité de Seguridade e Saúde Intercentros, como órgano paritario de consulta e participación nos aspectos da política preventiva de carácter xeral, está composto por oito membros estruturados da seguinte forma:

* En representación do persoal désígnanse un por cada sindicato presente na Mesa Xeral (en total 4), que serán designados por cada unha das organizacións sindicais, así coma o seus correspondentes substitutos.

* En representación da Administración désígnanse outros catro compoñentes, que serán nomeados pola Secretaría Xeral da Consellería de Presidencia, así como os seus correspondentes substitutos.

Actuará como Presidente do CSSI, un representante da Administración Pública.

Actuará como Secretario, áquel dos representantes sindicais elixido por eles.

O resto dos compoñentes do Comité Intercentros, é dicir, tanto os representantes da Administración coma os Representantes Sindicais, serán vocais con voz e voto.

(4.3) Comités de Seguridade e Saúde

O Comité Intercentros actuará en representación de todos os Comités, tratando os asuntos que polo seu alcance o precisen.

4.5.2 Convocatorias

Todas as convocatorias de reunión, tanto ordinarias coma extraordinarias, serán feitas por escrito, por orde do Presidente do Comité Intercentros, cunha antelación mínima de 7 días naturais.

A tramitación das convocatorias será feita, a través de correo electrónico, polo Secretario do CSSI, e incluírá a orde do día cos puntos a tratar, e aquela documentación necesaria para o seu estudo previo á reunión.

4.5.4 Asistentes ás reunións

Cada unha das representacións que compoñen o Comité Intercentros pode ser asistida por asesores, en función dos asuntos a tratar na orde do día da correspondente convocatoria. A participación destes asesores limitarase ó asunto concreto.

Asimesmo, o Presidente do Comité Intercentros, en función dos asuntos a tratar, poderá convidar a persoas doutros órganos da administración, ou mesmo alleas, sempre e cando considerase cas súas aportacións poderían ser de utilidade a hora de tomar acordos.

A solicitude de presenza de asesores externos, realizarase por escrito dirixido ó Presidente do Comité Intercentros, antes do inicio da reunión ordinaria ou extraordinaria.

Asistiran as reunións do CSSI as persoas integrantes do Servizo de Prevención de Riscos Laborais que, en razón das cuestións a tratar, sexan precisas. Tamen estará presente o representante do Servizo de Prevención alleo, que teña asinado o convenio de colaboración nesta materia. Todos eles asistirán en calidade de invitados, con carácter permanente.

5. DOCUMENTOS E REXISTROS

Os documentos e rexistros xerados en cumprimento das funcións e responsabilidades descritas no presente procedemento, son:

- * Orde de Convocatoria
- * Acta da reunión

Remítanse copias das actas aprobadas a todos os membros e o SPRL, ó través do correo electrónico.

6. DIAGRAMA DE FLUXO Suprímese.

A Administración comprométese a realizar unha designación actualizada por escrito, dos seus representantes, tanto titulares coma suplentes, e presentala na próxima xuntanza deste Comité.

4.- Cambio de Presidente.-

O Presidente do Comité comunica que debido a cesar no seu posto de Subdirector, tamen deixa esta Presidencia, a partir do remate desta xuntanza.

Os integrantes deste Comité agradécenlle a labor realizada.

5. Rogos e Preguntas.-

A Admón. entrega os representantes do persoal dous borradores de protocolos, un de coordinación de actividades empresariais e outro de consulta e participación, para que antes do próximo 23 de abril, fagan as alegacións que consideren.

CSIF solicita a Secretaría do Comité que elabore unha taboa cos acordos aprobados polo mesmo, a partir do ano 2012. O Secretario manifesta que o presentará na próxima xuntanza.

Levántase a sesión sendo as 13,00 h.

Vº Bº O PRESIDENTE

A stylized handwritten signature in black ink, consisting of a vertical line intersected by a horizontal line with a loop on the left side.

SANTIAGO GONZALEZ SERRANO

Vº Bº O SECRETARIO

A stylized handwritten signature in black ink, featuring a large 'A' shape with a horizontal line extending to the right.

EDUARDO FREIRE POUSA

